



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	A boa práctica identificada foi “ Selección e Contratación ”, esta boa práctica enfocase en fomentar a igualdade de oportunidades nos procesos de selección e contratación.
	Entidade que a promove:
	Votorantim Cementos España, S.A
	Concello:
	Vigo, Pontevedra, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A empresa identificou unha baixa representación feminina nos seus procesos de selección, especialmente en postos operativos e de produción, tradicionalmente ocupados por homes. Este contexto débese en gran medida á masculinización histórica do sector cimenteiro e á baixa rotación de persoal.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Votorantim implementou unha serie de medidas para aumentar a participación feminina nos seus procesos de selección e contratación. Estas medidas inclúen a incorporación de criterios de discriminación positiva en casos onde haxa igualdade de méritos entre persoas candidatas de distinto sexo. Analízanse e axústanse os requisitos de experiencia para certos postos operativos, con fin de atraer máis candidatas mulleres. Ademais, realízanse colaboración con centros educativos e bolsas de emprego locais para captar talento feminino, e utilízase unha linguaxe non sexista en todas as ofertas de emprego, incluíndo imaxes que inviten ás mulleres a participar nos procesos.

RESULTADOS OBTIDOS

A través destas medidas, a empresa logrou unha mellora na visibilidade das mulleres no sector cimenteiro e incrementou o número de mulleres que participan nos procesos de selección para postos operativos. Observouse un aumento na contratación de mulleres en posicións que anteriormente eran case exclusivamente ocupadas por homes, contribuíndo a un entorno de traballo máis diverso e inclusivo.